

# Linkterpreting

## Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

*linkterpreting.uvigo.es*

### PORTAFOLIO DE AVALIACIÓN

Trátase dun dos tres métodos complementarios para (auto)avaliar as interpretacións de enlace<sup>i</sup>. O portafolio de avaliación serve para avaliar o progreso do alumnado desde que comeza o curso ata que termina e, así, determinar se acadou os obxectivos de aprendizaxe.

O primeiro día de clase (ou, no seu caso, o primeiro día que comeza a practicar pola súa conta o/a alumno/a), deben establecerse uns obxectivos que acadar ao finalizar o curso.

Cada día de práctica, o/a alumno/a debe comprobar se está acadando eses obxectivos ou non e reflexionar sobre que aspectos ten que mellorar para logralo. Poderíase centrar nas seguintes competencias:

- O/a alumno/a sabe preparar con antelación unha interpretación de enlace: busca documental e elaboración de glosarios aplicados a cada ámbito.
- Comprende e analiza correctamente as intervencións.
- Exprésase con naturalidade e corrección en todas as súas linguas de traballo.
- Exprésase nun rexistro adecuado para o contexto en concreto.
- Con respecto á toma de notas, selecciona a información relevante e fai un bo uso da memoria.
- Comprende as súas notas.
- Non fai contrasentidos nin falsos sentidos.
- Pregunta con profesionalidade cando ten algunha dúbida.
- Non hai frases incoherentes nin vacilacións.
- Vocaliza e fala correctamente en ambas linguas.
- Fala con seguridade e as súas intervencións resultan cribles.

Pódese empregar un formulario de Google ou de calquera outra plataforma na que o/a alumno/a responda brevemente a esas cuestións cada día.

Ao final do curso, o/a alumno/a debe facer unha valoración final de todo o seu traballo e das súas reflexións.

---

<sup>i</sup> Baseado en Domínguez-Araújo, Lara. (2021). *Actividades e recursos de (auto)avaliación para fomentar a metacognición na teledocencia da interpretación* [Vídeo]. Vimeo. <https://vimeo.com/646385116>

#### Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Portafolio de avaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>